



ESCOLA INFANTIL
abrente
ASOCIACIÓN INICIATIVA SOCIAL ABRENTE

BAREMO DE APLICACIÓN ÁS SOLICITUDES DE ADMISIÓN

FUNCIONAMENTO E PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN DE PRAZAS

CRITERIOS PREFERENTES DE APLICACIÓN ÁS SOLICITUDES DE ADMISIÓN

1. A selección das solicitudes efectuaranse en función dos criterios preferentes no **anexo I** deste regulamento.
2. Entenderase por **UNIDADE FAMILIAR** a formada por cónxuxes non separados legalmente e:
 - Os fillos menores, con excepción dos que, con consentimento dos pais, vivan independentes destes.
 - Os fillos maiores de idade incapacitados xudicialmente, suxeitos a patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
 - Os fillos maiores de dezoito anos cun grao de discapacidade superior ao 33 por cento.
 - A determinación dos membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación existente a 31 de decembro do ano anterior.
3. Entenderase como **FAMILIA MONOPARENTAL** a entendida como unidade familiar formada por unha única persoa proxenitora que non conviva con outra persoa coa cal manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que a outra parte proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.
4. Poderanse adxudicar prazas ás solicitudes relativas á media xornada. As persoas solicitantes desta media xornada non poderán variar o horario establecido na súa solicitude, salvo autorización da Escola.
5. Para o cálculo da RPC (Renda Per Cápita), tomarase o importe dos ingresos totais da unidade familiar, que será o resultado da agregación da base imponible xeral coa base imponible do aforro, calculados segundo os criterios establecidos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas. Este importe dividirase polo número de membros computables da unidade familiar. No caso de familias monoparentais, incrementarase nun 0.8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.

ANEXO I

Criterios de preferencia na admisión do alumnado DENTRO DO PRAZO ORDINARIO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

Só se poderán presentar solicitudes para os nenos e nenas xa nados.

- 1º Solicitudes para nenos e nenas xa escolarizados no centro no curso anterior.
- 2º Solicitudes de fillos ou fillas de persoal que preste servizo na escola infantil.
- 3º Solicitudes para nenos ou nena con irmás ou irmáns con praza renovada no mesmo centro ou centro asociado.
- 4º Solicitudes para nenos ou nenas en que as dúas persoas proxenitoras ou un deles no caso de familias monoparentais xustifiquen unha situación laboral de ocupación.
- 5º Solicitudes para nenos e nenas nados de parto múltiple.
- 6º Solicitudes para nenos e nenas de familias numerosas/monoparentais.
- 7º Solicitudes para nenos e nenas de familias cuxo domicilio ou centro de traballo estea máis próximo á escola infantil.
- 8º Solicitudes para nenos e nenas de irmás ou irmáns de exalumnado do mesmo centro ou cento asociado.
- 9º Solicitudes para nenos e nenas con asistencia de xornada completa sobre media xornada.